




Foto: COPEMOL



As principais actuacións sobre as especies son:

1. Inventario e caracterización das poboacións de ambas especies.
2. Coñecemento do uso do espacio e recuperación da conectividade das poboacións.
3. Reforzamento das poboacións de *Margaritifera margaritifera*, e reintrodución nos tramos nos que desapareceu.

O proxecto pretende involucrar á sociedade, e de xeito particular á poboación local, na conservación destas especies e do seu medio, comezando por dar a coñecer o seu valor. A este respecto, Galicia representa unha zona fundamental, xa non só no contexto Europeo, senón a nivel global, o que da unha idea do alto valor da nosa rede fluvial.

Participantes no proxecto

Este proxecto está coordinado por la Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería do Medio Rural, e nel participan as Direccións Xerais de Producción Agropecuaria e a de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais desta mesma Consellería, Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.




Foto: COPEMOL

Actuacións previstas no Proxecto MARGAL-ULLA

O programa de actuacións ten por obxectivo a mellora da calidade ambiental dos ríos da cunca, corrixindo os factores causantes do declive destas especies e estreitamente relacionados tanto coa perda de calidade das augas como da dinámica natural do ecosistema fluvial.

As principais actuacións en relación co hábitat son:

1. Identificación de focos de contaminación.
2. Avaliación da calidade do medio.
3. Restauración de canles e bosque de ribeira.
4. Mellora da dinámica fluvial mediante a eliminación de obstáculos e adecuación de frezadeiros.
5. Establecemento de directrices para a xestión dos cursos da cunca.
6. Implantación de boas prácticas agrarias.

Proxecto LIFE+MARGAL-ULLA (2010-2015)



Foto: David Pérez

Foto: G. Montoto



LIFE+ é o instrumento financeiro a través do cal a Unión Europea financia proxectos medioambientais. **LIFE+MARGAL-ULLA** é un proxecto de recuperación das poboacións de náide *Margaritifera margaritifera* e Toupa de río *Galemys pyrenaicus* na cunca do río Ulla.



O Proxecto **LIFE+MARGAL-ULLA**

O proxecto, cunha duración de 5 anos, contribuirá á mellorar o estado de conservación ambiental da cunca do río Ulla, tentando establecer as condicións para a recuperación de dúas especies, a toupa de río, *Galemys pyrenaicus*, e a náiaide ou mexillón de río, *Margaritifera margaritifera*.

Ámbalas dúas especies atópanse en declive en toda a súa área de distribución, sendo os nosos ríos uns dos seus últimos refuxios na Península Ibérica, polo que os galegos temos sobre elas unha grande responsabilidade en termos de conservación. Ambas son indicadoras do bo estado do río e a súa protección beneficia a outras especies ligadas ao medio fluvial, incluíndo as de interese piscícola.

A toupa de río e a náiaide

A toupa de río é un pequeno mamífero semiacuático inconfundible polo seu aspecto: a súa cabeza prolóngase nunha pequena trompa esmagada e móbil. Carece de pavillóns auditivos e os ollos son pequenos e pouco visibles. As patas posteriores, grandes e palmeadas, e a cola, larga e escamosa, están adaptadas para a natación.

Trátase dun endemismo ibérico que habita nas ribeiras de ríos e regatos con características de curso alto e que posúe hábitos nocturnos que dificultan a súa detección. Constrúe o seu niño na beira, entre rochas, baixo as raíces dunha gran árbore ou aproveitando as galerías doutros animais. É un excelente mergullador que se alimenta de pequenos invertebrados que atopa no leito do río.

A náiaide é un molusco bivalvo semellante na forma a un mexillón ou a unha grande ameixa de mar, nomes polos que tamén se coñece. É un dos invertebrados máis lonxevos podendo alcanzar un século de vida. Vive en ríos de augas limpas, frías e oxixenadas, atopándose os individuos semisoterrados e apiñados ao longo do leito fluvial. Aínda que pode realizar pequenos desprazamentos, normalmente permanece inmóbil, alimentándose por filtración de plancton e partículas de materia orgánica. As colonias dan estabilidade ao substrato e manteñen limpa e oxixenada a auga, o que crea unhas condicións axeitadas para diferentes comunidades de invertebrados, que a súa vez serven como alimento aos peixes.



Foto: Alberto Gil



Foto: COPEMOL



Debuxo: S. Lois



Debuxo: SCP

A náiaide posúe un complexo ciclo vital. As súas larvas, denominadas gloquidios, unha vez liberadas a auga polas femias adultas, teñen que fixarse nas galas dun salmónido, onde pasan un tempo antes de caer no leito fluvial xa convertidas en pequenas ameixas. Deste xeito o peixe, ao que non lle producen ningún dano, sérvelles de vehículo transportador ao longo do río.

A presenza tanto da toupa de río como da náiaide están a indicar que as augas do río están limpas e o ecosistema nun bo estado de conservación. Así, son consideradas “especies paraugas”, xa que a súa protección beneficia a moitas outras especies e, en definitiva, ao mesmo río e a auga da que depende o noso futuro.



Foto: COPEMOL

Área de actuación do Proxecto Margal-Ulla

O ámbito de actuación circunscríbese á cunca do río Ulla, na que se atopan varios Lugares de Interese Comunitario (LICs) pertencentes á Rede Natura 2000, entre os cales que destaca o sistema fluvial Ulla-Deza. O proxecto contribuirá así no proceso de conexión entre os espazos protexidos dentro da trama territorial.

Esta área foi seleccionada por contar actualmente coa presenza tanto de *Galemys pyrenaicus* como de *Margaritifera margaritifera*. Sobre elas están a actuar as mesmas presións negativas que no resto do territorio, pero cun nivel de impacto aínda reversible o que permitirá avaliar os resultados a medio prazo.

